



ORDENANZA FISCAL Nº 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1. Disposición xeral.

De conformidade co disposto no artigo 59 en relación cos artigos 92 a 99 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo directo de carácter obrigatorio que se esixirá de acordo co previsto na dita lei e nas disposicións que a desenvolven.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fora matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres non causara baixa nestes. Para os efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:

- n) Os vehículos que dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitados ós desta natureza.
- o) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

Artigo 3. Exencións.

1. Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, comunidades autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreiras acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grao. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados á asistencia sanitaria ou ó traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan as ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

Para os efectos do disposto este parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía quen teñan esta condición legal en grado igual ou superior ó 33%.



- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos ó servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder gozar da exención a que se refire o primeiro parágrafo da letra e) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio, achegando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo.
- b) Fotocopia da Tarxeta de Inspección Técnica do Vehículo, na que debe constar que se trata dun vehículo para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo do citado Regulamento Xeral de Vehículos.

3. Para poder gozar da exención a que se refire o segundo parágrafo da letra e) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión xustificando o destino do vehículo, así como o dereito para gozar desta, mediante o impreso aprobado para o efecto pola Administración municipal, achegando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.
- b) Fotocopia da tarxeta de inspección técnica do vehículo.
- c) Declaración de uso exclusivo do vehículo baixo responsabilidade do titular diminuído.
- d) Un dos tres documentos seguintes:
 - Fotocopia do certificado oficial acreditativo da súa discapacidade e grao, expedido pola Xunta de Galicia ou órgano competente en cada caso.
 - Fotocopia da resolución, ou certificado desta, que expida o Instituto Nacional da Seguridade Social pola que se recoñeza a condición de pensionista por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez.
 - Fotocopia da resolución do Ministerio de Economía e Facenda ou do Ministerio de Defensa pola que se recoñeza unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo, ou por inutilidade.

Nos documentos recollidos na letra d) anterior debe certificarla autoridade competente a data de inicio do recoñecemento da discapacidade ou pensión do/da interesado/a así como se o recoñecemento é definitivo ou provisional. Neste último caso, deberase establece-la data de finalización dos efectos.

No caso de vehículos que non se atopen aínda matriculados, o solicitante poderá presentar, antes da correspondente matriculación, a solicitude de exención xunto cos documentos detallados coas letras b), c) e d) anteriores. En virtude desta documentación a Administración municipal expedirá unha dilixencia que permita tramita-la matriculación do seu vehículo ante a Xefatura Provincial de Tráfico. Unha vez rexistrada a matrícula na citada xefatura, o contribuínte deberá achegar ante a Administración municipal, no prazo dun mes dende a data de expedición do permiso de circulación, copia deste e da tarxeta de inspección técnica con inscrición da mencionada matrícula, en orde ó recoñecemento definitivo da exención solicitada.

En caso de non achega-la documentación esixida no prazo antes sinalado, terase por desistido na súa solicitude ó interesado, sen prexuízo de que persista a posibilidade de volver a solicitar de novo a exención, de conformidade co establecido no apartado 2 deste artigo.

4. Para poder gozar da exención a que se refire a letra g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e causa do beneficio, achegando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.



- b) Fotocopia da tarxeta de inspección técnica do vehículo.
- c) Fotocopia da cartilla de inspección agrícola na que conste a data de inscrición no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da administración competente.

5. As exencións que se regulan nos apartados 2, 3 e 4 deste artigo, unha vez declaradas pola Administración municipal, producirán efectos a partir do exercicio seguinte no que se solicite, salvo que a devandita solicitude se presentase dentro dos prazos previstos no artigo 21 da Ordenanza fiscal xeral de xestión, liquidación, recadación e inspección, nos supostos nos que o tributo se tivese aplicado ou nos casos de altas por primeira matriculación, en cuxo caso producirá efectos no mesmo exercicio.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

Artigo 5. Responsables.

1. Responderán solidariamente de débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 6. Cota tributaria.

1. 1. O imposto esixirase conforme ao seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95.1 e 4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais:

	Euros/año
A) Turismos	
De menos de 8 cabalos fiscais	21,35
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	57,80
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	127,35
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	174,50
De 20 cabalos fiscais en diante	218,10
B) Autobuses	
De menos de 21 prazas	141,50
De 21 a 50 prazas	201,45
De máis de 50 prazas	252,05
C) Camións:	
De menos de 1.000 Quilogramos de carga útil	71,80
De 1000 a 2.999 Quilogramos de carga útil	141,50
De máis de 2.999 a 9.999 Quilogramos de carga útil	201,45
De máis de 9.999 Quilogramos de carga útil	252,05
D) Tractores:	
De menos de 16 cabalos fiscais	29,65



De 16 a 25 cabalos fiscais	47,05
De máis de 25 cabalos fiscais	141,50

E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil	29,65
De 1.000 a 2.999 Quilogramos de carga útil	47,05
De máis de 2.999 Quilogramos de carga útil	141,50

F) Outros vehículos:

Ciclomotores	7,45
Motocicletas ata 125 c.c.	7,45
Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	13,30
Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	26,70
Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	53,45
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	107,15

2. En orde á aplicación das tarifas deberanse ter en conta as seguintes regras:

- e) O concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.
- f) A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais calcularase de acordo do disposto no anexo V do citado Regulamento xeral de vehículos.
- g) Os vehículos definidos como mixtos, todoterreo, mixtos adaptables, mixto todoterreo, furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectida na ficha técnica, tributarán como turismo pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:
 - 1. Se o vehículo estivera habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.
 - 2. Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará como camiión.
- h) Os motocarros e cuatriciclos lixeiros terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola súa cilindrada.
- i) Os furgóns, salvo os mixtos adaptables, tributarán como camiións.
- j) Cando se trate de vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.
- k) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes ós tractores, quedando comprendidos entre estes os tractocamiións e tractores de obras e servizos.



- l) Nos casos de vehículos nos que aparecese, na Tarxeta de Inspección Técnica, a distinción na determinación da carga entre MMA (masa máxima autorizada) e MTMA (masa máxima tecnicamente admisible) estarase, para os efectos da súa tarificación, ós quilos expresados na MMA, que corresponde ó maior peso en carga co que se permite a súa circulación, consonte ó indicado no anexo IX do Regulamento xeral de vehículos.

3. A cota líquida deste imposto será o resultado de aplicar sobre a cota de tarifa determinada no apartado 1, as bonificacións a que se refiren os apartados seguintes.

4. Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 na cota incrementada do imposto, os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñece, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A concesión da bonificación realizarase de oficio pola Administración cando esta coñeza a antigüidade dos vehículos segundo a información dispoñible. En caso contrario, a bonificación deberase solicitar expresamente.

5. Gozarán dunha bonificación do 60 por 100 na cota incrementada do imposto, durante os catro anos seguintes ó da súa primeira matriculación, os titulares de vehículos eléctricos ou híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-gasóleo ou eléctrico-gas) ou que utilicen gas natural comprimido ou metano, hidróxeno ou enerxía solar.

Para poder acceder a este beneficio fiscal será precisa a solicitude previa do interesado, acompañada da copia de permiso de circulación e certificado de características técnicas do vehículo.

6. Establécese unha bonificación do 3 por 100 da cota tributaria a favor dos obrigados tributarios que paguen as súas cotas exclusivamente a través de domiciliación bancaria. De non se realiza-lo pagamento por causas non imputables á Administración, procederase ó seu cobramento en vía executiva polo importe total da cota tributaria sen bonificar xunto coas recargas e xuros de mora que, de se-lo caso, correspondan.

A solicitude de domiciliación ou a súa modificación deberá realizarse con anterioridade ó inicio do período voluntario de cobranza do tributo. No caso contrario, a bonificación producirá efectos no exercicio seguinte.

7. As bonificacións que se regulan nos apartados 4 (cando se deba solicitar) e 5 deste artigo, unha vez declaradas pola Administración municipal, producirán efectos a partir do exercicio seguinte no que se solicite, salvo que a devandita solicitude presentase dentro dos prazos previstos no artigo 21 da Ordenanza fiscal xeral de xestión, liquidación, recadación e inspección, nos supostos en que o tributo se tivese aplicado ou nos casos de altas por primeira matriculación, en cuxo caso producirá efectos no mesmo exercicio.

Artigo 7. Período impositivo e aplicación do imposto.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza a dita adquisición.

2. O imposto aplicarase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do imposto ratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o rateo da cota nos mesmos termos nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento en que se produza a dita baixa temporal no rexistro público correspondente.



4. No suposto de transferencia ou cambio de domicilio con transcendencia tributaria, a cota será irredutible e o obrigado ó pagamento do imposto serán quen figure como titular do vehículo no permiso de circulación o día primeiro de xaneiro, e nos casos de primeira adquisición, o día en que se produza a dita adquisición.

Artigo 8. Xestión do imposto.

1. A xestión, liquidación, inspección e recadación do imposto, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria, corresponde ó Concello de Ourense, cando o domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo pertenza ó seu termo municipal.

2. No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de xeito que se altere a súa clasificación para os efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días contados dende a data da adquisición ou reforma, declaración-liquidación por este imposto segundo o modelo determinado polo Concello ó que se achegarán a documentación acreditativa da súa compra ou modificación e certificado das súas características técnicas.

3. Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante a expedición de recibos, en base a un padrón ou matrícula anual no que figurarán os vehículos suxeitos ó imposto, así como os suxeitos pasivos titulares deles.

O padrón ou matrícula do imposto expóranse ó público, polo prazo dun mes, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, de se-lo caso, formula-las reclamacións oportunas.

A dita exposición ó público e a indicación do prazo de pagamento das cotas, comunicarase mediante inserción de anuncios no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun periódico dos de maior tirada da capital, e producirá os efectos de notificación colectiva a que se refire o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4. Os titulares dos vehículos, cando comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a súa reforma, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos ditos vehículos, deberán acreditar previamente perante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ó cobro do imposto, sen débedas polo dito concepto aplicadas, liquidadas, presentadas ó cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto das baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final.

Primeira.-Esta ordenanza aprobouna provisionalmente o Pleno do Concello de Ourense na sesión que tivo lugar o día 6 de outubro de 2006, elevándose a definitiva o 5 de decembro de 2006, e terá efecto dende o 1 de xaneiro de 2007, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Segunda. O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacións aprobadas definitivamente polo Concello Pleno mediante acordo plenario de data 2 de decembro de 2011, para rexeir a partires do 1 de xaneiro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 290 de 24/12/2011).